

# As feituraas da estrela

**Infantil** Poética e tenra, a obra aniña nas verdades do espírito

A *noite das filantes* é a última entrega da colección Árbore-tapa dura, da editorial Galaxia, dirixida por Xosé A. Neira Cruz, na cal, sempre dende a excelencia e o rigor estético, se deron cita un bo número dos mellores autores e ilustradores galegos. O traballo que nesta ocasión nos presentan o xa consagrado dúo DoCampo-Cobas continúa unha liña que vén sendo moi habitual na escrita do chairego. Fronte á súa rica literatura enraizada na tradición oral do conto popular galego, DoCampo é tamén un mestre consumado na arte de homenaxear os clásicos, mantendo un diálogo intertextual cos textos consagrados. Pensemos, por exemplo, en obras como *O armario novo de Rubén*, de filiación carrolliana; *O libro das viaxes imaxinarias*, en permanente diálogo con *As cidades invisibles* de Italo Calvino; *De cores e de amores*, con vagos ecos de Leo Lionni, etc. Neste caso a intertextualidade vén da man do francés Antoine de Saint-Exupéry e o seu libro *O Principiño*, debido á presentación dun tema tan querido polo

**A noite das filantes ·**

Xavier P. DoCampo,

Xosé Cobas (Il.) ·

Galaxia, 2009 ·

32 páx · 9,30 euros ·



francés como é a busca permanente do individuo fronte á inmensidade do universo, a pregaría da soidade na noite dun neno que coñece os segredos do mundo, os espazos de liberdade, elementos que Xabier P. DoCampo recolle para deconstruír e reinterpretar con esa factura tan propia do seu estilo onde o cotián se mestura co imaxinario dando lugar a situacións sempre insólitas. Así, n' *A noite das filantes* presentásenos un neno sobrenatural dotado dun sentido especial que lle permite descifrar os signos do universo. É este un sentido, a xeito de sensibilidade fonda do espírito, que o torna apto para intuír as grandes verdades ocultas, porque como dicía o francés “o esencial é sempre invisible aos ollos”. Daquela, neste universo nocturno, ateigado de símbo-

los e misterios, unha estrela “filante” chega á terra. Ao falar de estrela “filante” temos que nos referir, sen dúbida, a suxestiva creación –porque así o cremos– que o chairego fai, tomando a palabra do francés para dar conta do concepto de “estrela fugaz” para o cal o galego non conta con máis forma que a tomada do castelán, ou cando menos non a recollen os dicionarios. Así, tras desa estrela filante, nenos e nenas van na súa procura sen descanso e atópana, á fin, nas máis fermosas e insólitas imaxes que a natureza e o enxeño humano puido fabricar: na

auga en forma de augamar; na terra convertida nunha flor; no xogo dos rapaces que cos brazos a debuxan; nos camiños de ferro a xeito de encrucillada; no río onde as correntes do fondo a debuxan, mais ningunha desas fermosas estrelas filantes é a estrela que viron caer do ceo porque esa só existe nas mans dun neno que, coma aquel príncipe, dun reino minúsculo, “é quen de ler o mundo na punta dos dedos”.

A obra, dotada dunha sintaxe peculiar, é creada a partir dunha serie de reviravoltas hermenéuticas inesperadas ao servizo dese misticismo

callado de imaxes e metáforas ás que a man sabia do ilustrador Xosé Cobas lles vai dando unha forma apenas bosquexada, cuxa característica máis salientable é a creación dunha atmosfera poética de fonda tenrura. Nesta atmosfera suxestiva o ilustrador recréase nunha imaxe ao servizo do sentimento que empapa o álbum, o da busca permanente dos misterios do mundo, e déixase arrebatado polo propio obxecto, pola visión mesma, para que o lector participe tamén da experiencia da descuberta das verdades ocultas que aniñan no espírito.

// **Ánxela Gracián**



Ilustración d' *A noite das filantes* / **Xosé Cobas**